

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se publica a Resolución do 28 de decembro de 2018 das axudas convocadas na Orde do 17 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018, 2019, 2020 e 2021.

Mediante a Orde do 17 de xullo de 2018 (DOG núm. 146, do 1 de agosto) publicáronse as bases reguladoras das axudas da Consellería de Política Social para a posta en marcha de casas niño e a convocatoria para o ano 2018.

De conformidade co artigo 16 da antedita orde, a resolución dos expedientes de axuda, logo da fiscalización da proposta facendo uso do previsto no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, corresponde, por delegación, á directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social.

Así mesmo, o artigo 17 da mesma orde, establece que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre outras, as correspondentes resolucións. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 28 de decembro de 2018, ditada no procedemento BS403C, de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia (2014-2020), que se xunta á presente resolución no anexo.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 28 de decembro de 2018 que finaliza este procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potes-



tativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de 10 días computado a partir do día seguinte da publicación para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019

María Amparo González Méndez
Directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

Resolución do 28 de decembro de 2018 ditada no procedemento BS403C de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia (2014-2020)

Vista a proposta de resolución da Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación de conformidade co disposto no artigo 14.5 da Orde do 17 de xullo de 2018, pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño e se convocan para o ano 2018 (cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020), e fiscalizada esta, facendo uso do previsto no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder ás persoas que se relacionan no anexo I as axudas convocadas na dita orde de convocatoria con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.770.0.

Esta axuda pública está cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, en particular:

Obxectivo temático 10: investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e aprendizaxe permanente.



Prioridade de investimento 10.5-Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas en educación e formación.

Obxectivo específico 10.5.1-Mellorar as infraestruturas de educación e formación.

Actuación 10.5.1.4b-Axudas ao investimento en centros de atención á primeira infancia de 0-3 anos e casas niño.

Categoría de intervención CE052-Infraestruturas para a atención e a educación da primeira infancia.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a Orde HPF/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón que o beneficiario acepta ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

O método aplicado para determinar o importe subvencionable e o importe da subvención é o de custos reais.

As axudas concedidas condicionaranse ao cumprimento de todas as obrigas establecidas na Orde do 17 de xullo de 2018.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co establecido no artigo 21 da orde de convocatoria.

Coa solicitude de pagamento a persoa beneficiaria deberá informar sobre o nivel de logro dos indicadores de produtividade asociados a esta convocatoria de axudas.



O pagamento da subvención realizarase de acordo co establecido no artigo 22 da Orde do 17 de xullo de 2018.

As persoas beneficiarias disporán dun prazo de 2 meses contados a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para achegar a documentación prevista nas letras m) a q) do artigo 11.1, no caso de que non fora achegada coa solicitude, así como para acreditar o acondicionamento do inmovible de acordo co establecido no artigo 4.1.c) da Orde do 17 de xullo de 2018. Este prazo será de 3 meses no caso das cooperativas de traballo asociado en proceso de constitución.

Segundo. Establecer no anexo II a relación de solicitudes susceptibles de axuda pero que por terse esgotado o crédito quedan en reserva para seren atendidas nos supostos establecidos no artigo 14.9.

Terceiro. Denegar ás persoas relacionadas no anexo III as axudas solicitadas polas causas que se detallan.

Cuarto. Esta resolución que finaliza o procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018. A conselleira de Política Social. P.D. (Artigo 16 da Orde do 17 de xullo de 2018; DOG núm. 146, do 1 de agosto). M^a Amparo González Méndez, directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

ANEXO I

Axudas concedidas

Nº expte.	Solicitante	NIF	Nome da casa niño	Concello	Provincia	Puntuación	Importe investimento	Importe prima anos 2019, 2020 e 2021
4	Cristina Barja Blanco	34629054R	Lala	Vilardevós	Ourense	112,50	15.000 €	58.800 €
2	Rita Doallo Álvarez	44454563W	A Parruliña	Taboadela	Ourense	107,50	15.000 €	58.800 €
18	Cooperativa Entelequia	35598557P	A entelequia de Aranga	Aranga	A Coruña	107,50	14.910,76 €	58.800 €



Nº expte.	Solicitante	NIF	Nome da casa niño	Concello	Provincia	Puntuación	Importe investimento	Importe prima anos 2019, 2020 e 2021
23	Mª Luz Trencó Puente	33278934G	Novo Mencer	Irixoa	A Coruña	105,00	14.990,80 €	58.800 €
25	Lucía Novoa Joga	44474166D	Lodoselo	Sarreaus	Ourense	102,50	14.695 €	58.800 €
3	Ana Belén Fernández Fernández	44093171D	Axóuxere	Santiso	A Coruña	97,50	15.000 €	58.800 €
15	Mª del Carmen Salgado Atanes	34998905N	Bolboreta	Trasmiras	Ourense	97,50	14.200 €	58.800 €
16	Cooperativa Entelequia	32711569A	A entelequia de Monfero	Monfero	A Coruña	97,50	15.000 €	58.800 €
17	Cooperativa Entelequia	45908562X	A entelequia de Vilarmaior	Vilarmaior	A Coruña	97,50	15.000 €	58.800 €
14	Henar Yáñez Prado	33553240N	O Páramo	O Páramo	Lugo	97,50	15.000 €	58.800 €
12	Ana Mª Iglesias Rodríguez	53308839Z	Neno	Vilasantar	A Coruña	97,50	15.000 €	58.800 €
5	Susana Ontiveros García	76720655S	Os Pipiolos	Petín	Ourense	95,00	15.000 €	58.800 €
6	Ana Bamonde Codesal	76580167B	O Meu Ben	Rábade	Lugo	87,50	14.990 €	58.800 €
9	Rocío Pombo Castrillón	33561191M	Entrepeques	Triacastela	Ourense	87,50	15.000 €	58.800 €
11	Laura Cancio Valcarce	32718842P	Bolboreta	A Capela	A Coruña	87,50	15.000 €	58.800 €

ANEXO II

Solicitudes en reserva

Nº expte.	Solicitante	NIF	Casa niño	Concello	Puntuación	Axuda investimento
7	Carla Alonso Álvarez	76728476Q	Vilardevós	Vilardevós	112,50	13.938,10 €
20	Sandra Rivera Blanco	76730873K	Axóuxere	Taboadela	107,50	13.599,73 €
22	Noemí González Pérez	44478840Z	A Raíz	Xunqueira de Espadanedo	87,50	15.000 €
24	Sara Seijas Sanfiz	33553167P	Todos somos uno	Rábade	87,50	6.697,89 €
8	Antía Fernández Vázquez	44655243F	Agarimo	Montederramo	82,50	15.000 €
21	Tamara González Ferreiro	44469237W	As Bubelas	Vilar de Barrio	80,00	15.000 €
1	Eva Justo Rodríguez	34630275A	Eva Justo Rodríguez	Monterrei	97,50	15.000 €

CVE-DOG: lo8kpa17-stf8-8ct5-ovh8-agn8gqxkzctu6



ANEXO III
Solicitudes inadmitidas/denegadas

Nº expte.	Solicitantes	NIF	Concello	Provincia	Causa
10	Andrea Rodríguez Freire	34995185H	A Bola	Ourense	Emprazamento casa niño nun concello con recurso de atención á 1ª infancia na data de emisión do informe de instrución.
13	Ester Pérez Tato	33558447K	Baleira	Lugo	Non contestar ao requirimento de emenda e documentación publicado na Resolución do 20 de setembro de 2018 (DOG núm. 189, do 3 de outubro).
19	Álvaro Araújo Fernández	44659299S	Rairiz de Veiga	Ourense	Emprazamento casa niño nun concello con recurso de atención á 1ª infancia na data de emisión do informe de instrución.

